

CARTOGRAFÍA DOS APELIDOS DE GALICIA: PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Xulio Sousa Fernández

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

A informática converteuse nos últimos anos nunha ferramenta indispensable para o tratamento e a análise da información lingüística. No ámbito da xeografía lingüística a súa aplicación supuxo unha renovación da metodoloxía e fixo posible que os resultados da investigación se enriquecesen. No campo da onomástica, os investigadores sempre mostraron o interese e a necesidade por coñecer a distribución xeográfica dos nomes persoais. A información que se extrae de conxugar xeografía e onomástica pode axudar a coñecer a orixe e a difusión dun apelido dentro dun territorio lingüístico. Non obstante, aínda hoxe son diversos os factores que dificultan a realización de estudos deste tipo. Por un lado, resulta complicado conseguir un corpus onomástico que ofrezca datos exhaustivos e fiables para realizar análises concluíntes; por outro, ata hai ben pouco non existían ferramentas que permitisen o tratamento conxunto de datos xeográficos e onomásticos, por esta causa as propostas dos estudosos sempre tiñan un carácter excesivamente provisorio e aproximativo.

Neste contexto e co fin de incitar o desenvolvemento dos estudos onomásticos no ámbito galego nace o proxecto *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Nesta exposición pretendo presentar as características xerais do proxecto e tamén mostrar algúns exemplos que ilustran a súa utilidade. Este proxecto enmárcase dentro do labor de investigación en onomástica do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Os resultados que se tiren del serán aproveitados noutras dúas investigacións que xa neste momento están en desenvolvemento e nas que participan investigadores do ILG, especialmente o *Patrom* (*Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane*, coordinado polo profesor Dieter Kremer, da Universidade de Trier, Alemaña) e o *Diccionario de apelidos galegos*.

1. Presentación do proxecto *Cartografía de apelidos de Galicia*

A coordinación do proxecto está dirixida polos investigadores do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela Ana Boullón Agrelo e Xulio Sousa Fernández. Para o desenvolvemento das aplicacións informáticas que se empregarán no proxecto e mais para a elaboración e o mantemento dos dispositivos que permitirán a súa divulgación por internet cóntase coa colaboración do Centro de Supercomputación de Galicia, que ten recoñecida experiencia en traballos similares con sistemas de información xeográfica.

O obxectivo fundamental do proxecto é a elaboración dunha aplicación informática que permita a análise da distribución xeográfica dos apelidos no territorio galego. Esta ferramenta porase á disposición dos investigadores e de calquera usuario interesado a través de internet. A aplicación que pretendemos desenvolver permitirá coñecer a distribución xeográfica dos apelidos de Galicia sobre o mapa dos concellos. Os datos que se tomarán para a representación están tirados do censo de poboación de Galicia do ano 1998. Ademais da distribución no territorio dos portadores dos apelidos poderase obter información estatística sobre as frecuencias de apelidos (en Galicia, nas provincias, nos concellos), as frecuencias proporcionais (número total de apelidos e poboación de cada concello), información sobre cada un dos apelidos (número total de portadores, listado de concellos con portadores, posición no listado de frecuencias, etc.) e datos sobre cada un dos concellos galegos (poboación, número de portadores, posición no listado de frecuencias, etc.

2. Descrición do corpus

O material que constitúe o corpus é unha base de datos de apelidos elaborada sobre o Censo de poboación de 1998 proporcionado polo Instituto Galego de Estatística¹. A base está constituída por 5.456.982 ocorrencias correspondentes a 17.193 formas de apelido distintas, e cada unha desas ocorrencias está vinculada co concello de nacemento do portador. Polo tanto, en cada un dos rexistros da base aparece o apelido, o código de localización e o número de portadores (Figura 1). As dúas primeiras cifras do código identifican a provincia (15 A Coruña, 27 Lugo, 32 Ourense e 36 Pontevedra) e as tres restantes o concello. Este conxunto de datos son a base fundamental do proxecto, xa que fornecen a información que se representa nos mapas e tamén a que se ofrece en forma de táboas.

Figura 1

Apelido	Código INE	Portadores
Branco	32999	6
Brand	27028	5
Brandao	15999	4
Brandao	36038	3
Brandao	36039	3
Brandao	36049	4
Brandao	99999	5
Brandariz	15001	23
Brandariz	15004	4
Brandariz	15006	5
Brandariz	15008	13


Provincia	Concello
15	001
A Coruña	Abegondo

3. Metodoloxía

Tanto para a elaboración dos mapas coma para a confección das táboas de información que subministrará a aplicación é necesaria a utilización de recursos informáticos. O programa que se encarga da elaboración dos mapas está fundamentado na metodoloxía GIS (Sistema de Información Xeográfica), e permite poñer en relación un conxunto de datos xeoreferenciados cun espazo de representación xeográfica. Neste caso a base de datos xeoreferenciada é a base de apelidos, na que para cada rexistro existe un código de identificación xeográfica, e o espazo de representación é o mapa de concellos de Galicia (Figura 2). Unha vez que se realiza a demanda de consulta dun apelido, o sistema crea un arquivo de datos no que figuran os concellos en que se rexistrou ese apelido e o número de portadores (Figura 3). A partir destes datos, o programa elabora o mapa correspondente, no que os concellos aparecen destacados con cores graduadas segundo o número de portadores (Apéndice, mapa da Figura 4). A aplicación informática tamén permitirá extraer información sobre a base en forma de táboas de datos. Estas táboas son listados que proporcionan información sobre un determinado concello (apelidos máis frecuentes), sobre un apelido (concellos en que se rexistra) ou sobre o conxunto de apelidos (apelidos máis frecuentes, apelidos menos frecuentes, etc.).

Estas dúas formas de presentación permitirán que o investigador poida interpretar e analizar a información dun xeito áxil e facilmente accesible. Para a representación cartográfica, o sistema vai permitir dúas formas de visualización: un mapa no que se representa a distribución do número total de portadores por concello e outro mapa no que mostra a porcentaxe relativa de portadores tendo en conta a poboación de cada concello. Este segundo método permitirá corrixir as desviacións orixinadas polos grandes núcleos de concentración de poboación.

Figura 2



Nome	Codigolne	Provincia
Abadín	27001	Lugo
Abegondo	15001	A Coruña
Agolada	36020	Pontevedra
Alfoz	27002	Lugo
Allariz	32001	Ourense
Ames	15002	A Coruña
Amoeiro	32002	Ourense
Antas de Ulla	27003	Lugo
Aranga	15003	A Coruña
Arbo	36001	Pontevedra
Ares	15004	A Coruña
Arnoia (A)	32003	Ourense
Arteixo	15005	A Coruña
Arzúa	15006	A Coruña
Avión	32004	Ourense
Baiona	36003	Pontevedra

4. Exemplos

No apéndice ofrécese algúns exemplos dos distintos tipos de mapas e táboas de datos que poderán obterse da aplicación que se pretende desenvolver. Para a confección das táboas utilizáronse os programas Microsoft® Access 2000 e Microsoft® Excel 2000; para a elaboración dos mapas empregouse o programa Mapinfo® Professional 6.5. No momento da redacción desta descrición aínda non estaba desenvolta a aplicación informática, polo tanto estas mostras deben tomarse como un ensaio dalgunhas das posibilidades que finalmente estarán ó alcance dos usuarios.

Na figura 4, no apéndice, preséntase o que se será o resultado da consulta máis común. O apelido sobre o que se solicitou a información é Brandáriz, na caixa superior da táboa da dereita indícase o número total de portadores deste apelido en Galicia (1088), o número de concellos en que se encontraron máis de dous portadores deste apelido (36) e a posición que ocupa pola súa frecuencia (638) entre os 17.139 apelidos distintos que constitúen o corpus da base. Debaixo aparecen ordenados de maior a menor polo número de portadores os 36 concellos en que se rexistrou o apelido: na columna da esquerda o número de portadores por apelido, na do centro os concellos correspondentes e na columna da dereita a porcentaxe de portadores que corresponde a cada concello tendo en conta o número total de portadores; neste caso o 25,55% das persoas co apelido Brandariz foron rexistradas no concello da Coruña. Na esquerda da páxina preséntase o mapa da distribución por concello dos portadores do apelido Brandariz. Os catro intervalos considerados correspóndense con catro cores graduadas que destacan os concellos correspondentes. Ó marcar algún destes concellos co punteiro do rato obterase a información que aparece no cadrado destacado: nome do concello, provincia, número de portadores nese concello, posición que ocupa o concello no conxunto de concellos en que se rexis-

trou o apelido, a porcentaxe que representa o número de portadores dese concello sobre o total e a porcentaxe que representan o conxunto de portadores do apelido Brandariz tendo en conta a poboación do concello.

Na seguinte páxina (Apéndice, Figura 5) móstrase outra posibilidade de representación cartográfica do número de portadores. No mapa da figura 4 destácanse os concellos con cores graduadas establecidas segundo o número total de portadores; nesta forma de representación, moi ilustrativa e útil, aparecen case sempre máis destacados os concellos de maior poboación que están na área en que o apelido é máis frecuente (na figura 4 o concello máis destacado é o da Coruña). Para corrixir esta perturbación recorreuse a considerar a porcentaxe que supoñían o conxunto de portadores dun apelido con respecto á poboación do concello. Desta maneira os datos son moito máis representativos e tamén resultarán máis útiles por exemplo para coñecer a orixe ou o centro de difusión dos apelidos. No cadro da dereita da figura 5 aparecen os concellos ordenados pola porcentaxe relativa, ademais consta tamén información sobre o número total de portadores (número de portadores e porcentaxe respecto do total). No mapa da esquerda represéntase con cores graduadas a porcentaxe relativa dos portadores. Ó contrastar os dous tipos de mapas (Apéndice, Figuras 6 e 7) e os datos das taboas repectivas descóbreanse as diferenzas dos dous modelos de representación: no mapa da esquerda a o concello da Coruña é o máis salientado, mentres que no da dereita é o de Carral; tamén se aprecia que o concello pontevedrés de Vila de Cruces está máis destacado no mapa da dereita².

Ademais das anteriores utilidades, a aplicación vai ofrecer tamén información en forma de táboas de datos. Na figura 8 (do Apéndice) móstrase unha táboa con toda a información que se pode extraer da base de datos sobre un apelido: portadores totais, número de concellos con máis de dous portadores, posición do apelido pola súa frecuencia, concello con maior número total de portadores, concello con maior índice de portadores respecto da súa poboación, provincia con maior número de portadores e tamén tódolos datos referidos ós concellos en que se rexistra o apelido. Tamén se ofrecerá a posibilidade de coñecer datos onomásticos sobre un concello determinado. Na figura 9 (do Apéndice) ofrécese un exemplo para o concello ourensán de Gomensende no que figuran os apelidos ordenados pola súa frecuencia, o número de portadores, a porcentaxe relativa e o número de apelidos distintos que se rexistraron. O último exemplo que se presenta é o da lista de apelidos da base; na táboa ordénanse pola súa frecuencia e indícase para cada un deles o número de portadores e a porcentaxe que representa sobre o total de portadores (Apéndice, Figura 10).

5. Conclusións

A culminación deste proxecto será a súa difusión a través de internet. Unha vez que a base de datos estea totalmente depurada e se probe e avalíe o funcionamento da aplicación, conectarase á rede para que a comunidade científica internacional e tamén calquera usuario poidan ter acceso a toda a información onomástica sobre os

apelidos contida na base. No momento de redactar está contribución contamos xa cun primeiro deseño da aplicación, que nos próximos meses se mellorará e completará coas contribucións dos participantes e colaboradores do proxecto. Polo tanto, os resultados que se presentan aquí deben ser considerados como exemplos que permitiron presentar algúns dos rendementos do proxecto que se está a desenvolver.

NOTAS

1. Co fin de preservar a confidencialidade o IGE non nos facilitou os rexistros correspondentes ós apelidos con menos de dous portadores por concello.
2. No nomenclátor oficial figura neste concello un lugar co nome Brandariz, parroquia de Brandariz (San Miguel) (www.xunta.es/nomenclator).

APÉNDICE

Figura 3




Figura 4




Figura 5




Figura 6




Figura 7




Figura 8

Apelido: Brandariz

Portadores: 1088

Concellos: 36

Posición: 638 (17139)

1º concello por frecuencia de portadores: A Coruña

1º concello por frecuencia de poboación: Carral

Provincia con maior nº de portadores: A Coruña

Portadores	Concello	Provincia	Poboación	%Portadores	%Poboación
278	Coruña (A)	A Coruña	243134	25,55	0,114
116	Cambre	A Coruña	16101	10,66	0,707
97	Carral	A Coruña	6212	8,92	1,881
93	Culleredo	A Coruña	18743	8,55	0,456
93	Sada	A Coruña	10296	8,55	0,903
88	Oleiros	A Coruña	24102	8,25	0,282
48	Abegondo	A Coruña	5451	4,23	0,844
40	Vigo	Pontevedra	283110	3,88	0,014
37	Vila do Cruces	Pontevedra	7370	3,40	0,502
36	Ordos	A Coruña	11861	3,31	0,304
36	Santiago de Compostela	A Coruña	90504	3,31	0,036
26	Borgo	A Coruña	5817	2,39	0,447
12	Betanzos	A Coruña	12296	1,10	0,090
17	Silleda	Pontevedra	9339	1,10	0,178
11	Forcal	A Coruña	87548	1,01	0,013
8	Amos	A Coruña	14186	0,74	0,086
8	Lus	Pontevedra	15166	0,74	0,051
7	Estreita (A)	Pontevedra	77389	0,64	0,031
6	Coscurra	A Coruña	7133	0,55	0,770
6	Zas	A Coruña	6311	0,55	0,095
5	Arzúa	A Coruña	6947	0,45	0,072
5	Laracha	A Coruña	10706	0,45	0,047
4	Aree	A Coruña	4662	0,37	0,086
4	Forcal	Pontevedra	9064	0,37	0,079
4	Salceda de Caselas	Pontevedra	8009	0,37	0,087
3	Arteixo	A Coruña	21290	0,28	0,014
3	Cerceda	A Coruña	5658	0,28	0,053
3	Ferre	A Coruña	14912	0,28	0,020
3	Moeche	A Coruña	1583	0,28	0,190
3	Narón	A Coruña	31086	0,28	0,010
3	San Sadurn	A Coruña	3503	0,28	0,088

Figura 9

Concello: Gomeende
Apelidos: 87

APELIDO	Portadores	Porcentaxe
ALVAREZ	316	13,945
FERNANDEZ	181	7,988
RODRIGUEZ	169	7,458
VAZQUEZ	128	5,649
PEREZ	107	4,722
GIL	95	4,192
GONZALEZ	91	4,016
MARTINEZ	79	3,486
DOMINGUEZ	75	3,310
PEREIRA	74	3,266
CASTRO	62	2,736
ALONSO	56	2,471
SANCHEZ	54	2,383
ESTEVEZ	52	2,295
LOPEZ	47	2,074
VISO	45	1,986
SALGADO	29	1,280
RIOS	28	1,236
ARAUJO	26	1,147
MOSQUERA	24	1,059
GUTIERREZ	21	0,927
SUAREZ	21	0,927
GARCIA	20	0,883
GOMEZ	19	0,838
SEOANE	19	0,838
MONTERO	18	0,794
RIVERA	18	0,794
ROJO	17	0,750
VELOSO	17	0,750
LORENZO	16	0,706
AI FN	16	0,706

Figura 10

APELIDO	Portadores	Porcentaxe
RODRIGUEZ	241337	8,858
FERNANDEZ	228621	8,391
GONZALEZ	178994	6,570
LOPEZ	171916	6,310
GARCIA	158879	5,831
PEREZ	129491	4,753
MARTINEZ	114749	4,212
VAZQUEZ	104258	3,827
ALVAREZ	81991	3,009
GOMEZ	70317	2,581
CASTRO	61533	2,258
IGLESIAS	56895	2,088
DIAZ	51551	1,892
SANCHEZ	50447	1,852
BLANCO	47387	1,739
VARELA	44252	1,624
ALONSO	44092	1,618
OTERO	43412	1,593
DOMINGUEZ	42318	1,553
REY	36534	1,341
SUAREZ	33238	1,220
LORENZO	29861	1,096
PIÑEIRO	25685	0,943
PEREIRA	24187	0,888
VIDAL	23964	0,880
MENDEZ	23053	0,846
NUÑEZ	21666	0,795